



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL NA CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, CONTRATO DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESCOLARES AO CEIP E AO IES E DE USUARIOS AO CENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BECERREÁ.

Expediente número: 1002/2024.

Asisten:

Presidente: MANUEL MARTÍNEZ NÚÑEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá.

- Vogal: CAROLINA ISABEL FERNÁNDEZ LAGO, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

- Vogal: MARIA DEL PILAR PÉREZ LÓPEZ, Xefa de sección de Contabilidade e Tesourería. Tesorera do Concello de Becerreá.

- Secretaria: SEVERIANO DANIEL VÁZQUEZ PRADO, Xefe de sección de urbanismo, contratación, fomento, emprego e desenvolvemento local do Concello de Becerreá.

En Becerreá, 11 de setembro de 2024.

Sendo as dez horas do día da data, constituíuse a Mesa de Contratación, composta na forma anteriormente epigrafiada, para proceder á calificación da documentación xeral presentada polos licitadores que optaron ó procedemento aberto simplificado do contrato de servizo de transporte de escolares ao CEIP e ao IES e de usuarios ao Cento de Servizos Sociais do Concello de Becerreá

Dase conta á mesa da documentación presentada por:

* AUTOCARES AUBESA S.L.

Visto que o único sobre de declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes presentada conforme ao modelo establecido no prego, a Mesa califica de conformidade a documentación presentada pola empresa epigrafiada.

Vista que a oferta económica presentada polo licitador e superior á fixada nos pregos, incumprindo o artigo 139.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: «1. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha, ...».

Conforme ao anterior a Mesa de Contratación, ACORDA:

Non é posible adxudicar un contrato por un importe superior ao que aparece no prego de cláusulas administrativas particulares.

Para que así conste, levántase a presente acta no lugar e data expresada anteriormente.

(Documento asinado electrónicamente)



